

Respostada o 25-04-25 - Notificación



Expte. 2025026132

O grupo provincial do BNG, a través da deputada M^a Manuela Rodríguez Pumar, ao abeiro do regulamento orgánico da Deputación Provincial, presenta a seguinte

PREGUNTA AO GOBERNO PROVINCIAL

sobre cortas de biomasa realizadas en zonas lindantes coa EP- 6104 Concello de Dozón

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Segundo se recolle no artigo 22 da LEI 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a respecto do procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas, as persoas físicas ou xurídicas responsables (definidas no artigo 21 ter) deben proceder á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa de tal modo que se manteña un control da carga de combustible para impedir el risco de incendios forestais e a súa propagación durante todo o ano. Co obxecto de preparación das campañas de prevención dos incendios forestais de cada ano nos períodos de maior risco de incendios, as administracións competentes, coa antelación precisa, intensificarán as súas accións de control co obxectivo de que a xestión da biomasa polos responsables estea concluída, en todo caso, antes de que finalice o mes de maio de cada ano, procurando actuar con preferencia nas zonas de maior risco de incendios forestais.

Así mesmo, di que no suposto de incumprimento da obrigaón establecida no número anterior, a administración pública competente, de oficio ou a solicitude de persoa interesada, poderá enviar á persoa responsable unha comunicación na que se lle lembrará a súa obrigaón legal de xestión da biomasa vexetal e retirada de especies arbóreas prohibidas, e concederáselle para facelo un prazo máximo de quince días naturais, ou de tres meses no caso das faixas laterais das vías de comunicación, contado desde a recepción da comunicación. Esta comunicación incluírá a advertencia de que, en caso de persistencia no incumprimento transcorrido devandito prazo, poderanse impoñer multas coercitivas reiteradas.

Tamén indica que se transcorridos os prazos os titulares non acometen a xestión da biomasa, as citadas administracións públicas, consonte as súas atribucións competenciais, poderán proceder á execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa, repercutíndolles os custos ás persoas responsables.

Neste mes de marzo, en varios puntos da provincia leváronse a cabo cortas que supostamente obedecerían os fins descritos no articulado antes citado, estando aínda a dous meses de finalizar a data da campaña de prevención de incendios, sen teren as propiedades dos terreos nin coñecemento das cortas ningún tipo de aviso previo por parte de administración ningunha, e excedendo nalgún caso os límites das franxas de seguridade. Entre eses puntos están zonas situadas ao pé da estrada EP-6104 no Concello de Dozón, en que se realizaron cortas hai unha semana.

PREGUNTA:

E coñecedor o goberno da Deputación desas cortas? É dicir, sabe a que obedecen? Quen as ordenou? Por que a madeira resultante estaba a ser retirada, supostamente, por persoal a cargo da Deputación?

Pregunta efectuada por escrito pola deputada do BNG, Dona María Manuela Rodríguez Pumar, o día 28 de marzo de 2025 (Rex. WEB2025023174) en relación ás cortas de biomasa realizadas en zonas lindantes coa EP-6104 – Concello de Dozón.

PREGUNTA:

E coñecedor o goberno da Deputación desas cortas? É dicir, sabe a que obedecen? Quen as ordenou? Por que a madeira resultante estaba a ser retirada, supostamente, por persoal a cargo da Deputación?

RESPOSTA:

De acordo co disposto na Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia, corresponde á Deputación Provincial a conservación e xestión de estradas provinciais.

Dentro do conxunto de tarefas de conservación atópase a xestión da biomasa das estradas da rede provincial, labor fundamental tanto para evitar o efecto prexudicial que a vexetación ocasiona nas estradas como por ser unha medida preventiva que facilita a loita contra o lume.

En aplicación do disposto nos artigos 7.d) e 20.bis da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, corresponde ás entidades locais xestionar a biomasa vexetal nos terreos incluídos na zona de dominio público.

Como parte dos traballos de conservación integral, na EP-6104 realizáronse tarefas, principalmente, de poda de ramas que sobrevoaban o dominio público, xa que se atopaban dentro da explanación da estrada definida polas arestas exteriores de dita explanación, que están situadas a ambos lados da calzada.

Estes traballos forman parte da conservación integral da rede viaria da Deputación de Pontevedra.

Como vostede saberá, durante o mandato do goberno anterior, formado polo PSdeG-PSOE e polo BNG, tamén se realizaban estes traballos, existindo un contrato de servizos específico para tal fin ("*Servizo de tala de arborado no dominio público das marxes en estradas de titularidade da Deputación de Pontevedra*"), adxudicado o 19 de febreiro de 2021 e que foi obxecto de varias prórrogas.

Asinado dixitalmente.

Luis López Diéguez
Presidente

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P36000000H)
Cargo: Presidente
Data: 25/04/2025 11:26

